

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRAS; CONTROL DE CALIDADE E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE**

### **Artigo 1.- Fundamento e obxecto**

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por dirección de obras municipais, de control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde.

### **Artigo 2.- Feito Impoñible**

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización, por persoal técnico competente deste Concello ou contratado polo mesmo a estes efectos, dos servizos indicados no artigo anterior con motivo da execución dunha obra municipal.

### **Artigo 3.- Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan contratistas adxudicatarios dunha obra municipal.

### **Artigo 4.- Cota Tributaria**

A cota determinarase mediante a aplicación das seguintes porcentaxes sobre o orzamento base de licitación:

<i>Dirección de obras</i>	<i>2,00 %</i>
<i>Control de calidade</i>	<i>1,00 %</i>
<i>Coordinación en materia de seguridade e saúde</i>	<i>0,50%</i>

### **Artigo 5.- Devindicación**

A taxa devíndicase coa prestación dos servizos citados.

### **Artigo 6.- Normas de xestión e recadación**

1. Unha vez aprobada a adxudicación a persoa contratista, a alcaldía aprobará a liquidación da taxa e ordenará que se practique a súa notificación, con expresión de cantos extremos enúncianse no artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. O ingreso deberá realizarse pola persoa adxudicataria de acordo co seguintes prazos:

- 50% do importe liquidado, con anterioridade á aprobación da primeira certificación ou no seu defecto, da presentación da primeira factura.
- 50% do importe restante, con anterioridade á aprobación da última certificación ou, no seu defecto, da presentación da primeira factura.

3. Os suxeitos pasivos desta taxa poderán impugnar ditas liquidacións na forma previda no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais,.

As que non se ingresasen en período voluntario de pago esixiranse a través do procedemento executivo de prema regulada na Lei e Regulamentos citados.

#### **Artigo 7.- Infraccións e Sancións**

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **Disposición Final**

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.